

AS REGRAS DE XOGO

Liga Gallaecia · Regulamento de xogo
Fútbol gaélico mixto

ÍNDICE

SECCIÓN 1ª. AS REGLAS DE XOGO

Reglas de xogo limpo

Regra 1 - O xogo	3
Regra 2 - Situacións de xogo detido	5
Regra 3 - Anotacións	9

Reglas do xogo ilegal

Regra 4 - Faltas técnicas	10
Regra 5 - Faltas agresivas (seis categorías)	12
Sancións oficiais da GAA	19
Regra 6 - Disentimento das decisións arbitrais.....	21

SECCIÓN 2ª. REGULAMENTO DA LIGA GALLAECIA

Regra 7 - Código de conduta	22
Regra 8 - Composición dos equipos	24
Regra 9 - Equipo de arbitraje e comunicación cos equipos.....	25
Glosario de termos	27



LIGA GALLAECIA
FUTEBOL GAÉLICO

Sección 1ª. AS REGRAS DE XOGO

Regras de xogo limpo

REGRA 1 – O XOGO

1.1 A bola está en xogo unha vez é desprazada ou pateada despois de que a árbitra teña dado o sinal de comezar ou recomenzar o xogo, e mantense en xogo até que:

- (a) a árbitra para o xogo;
- (b) a bola traspase completamente calquera liña de banda ou de fondo ou toque algunha das bandeiras de marcación das liñas de banda e de fondo;
- (c) alguén que non é xogadora toca a bola en xogo ou evita que a bola saia polas liñas de banda ou de fondo.

1.2 Cando a bola esta no chan (en contacto co terreo de xogo), poderá ser: Xogada con calquera parte do corpo excepto as mans.

Levantada do chan cos pés.

Excepcións

- (i) A porteira poderá xogar a bola coa(s) man(s) dentro da súa propia área pequena.
- (ii) Calquera xogadora que cae ou é tirada ao chan sen ser obxecto de infracción cando ten a posesión da bola poderá golpear a bola (coa palma ou co puño) estando esta en contacto co chan, podendo marcar con ese golpeo.
- (iii) A bola non pode ser levantada do chan cos xeonllos.

1.3 Cando a bola non está no chan poderá ser xogada con calquera parte do corpo.

1.4 Cando unha xogadora está en posesión da bola poderá:

(a) levala por un máximo de catro pasos ou o tempo necesario para dar eses catro pasos* .

**A primeira parte da norma aplícase de xeito estricto cando a xogadora non está presionada e excluindo os pasos da acción de pateo; nos demais casos aplícase a segunda parte da norma aínda que a xogadora faga máis de 4 apoios cos pés no chan.*

- (b) xogala dos pés á(s) man(s) cunha patada (solo)
- (c) botala unha vez de xeito non consecutivo, despois ou antes de cada solo.
- (d) cambiala de man mantendo total contacto até que o cambio de man é completo.
- (e) golpeala:
 - (i) co puño,
 - (ii) coa man aberta, caso no que deberá darlle un claro e definido golpe.
- (f) soltala para darlle unha patada, facer un solo ou dar un pase co puño ou a man aberta.

A bola poderase roubar das mans dun opoñente mediante un golpe súbito e rápido* feito coa man aberta.

**(...)by flicking it with the open hand.(...) to flick-> to move or hit something with a short sudden movement (Oxford Dictionary)*

1.5 Cando a xogadora non estea en posesión da bola poderá botala máis dunha vez de xeito sucesivo para controlala.

1.6 As xogadoras poderán cargar a un opoñente na disputa da bola.

1.7 Na carga a xogadora deberá ter polo menos un pé en contacto co chan. A carga legal deberá ser co ombreiro contra o ombreiro dunha rival que incorra nunha das seguintes situacións:

- (a) está en posesión da bola,
- (b) está xogando a bola, menos cando a está pateando,
- (c) cando as dúas xogadoras estanse a mover na dirección da bola para tentar xogala.

Cando está dentro do rectángulo pequeno, a porteira non poderá ser obxecto dunha carga pero poderá ser presionada e obxecto de disputa pola posesión da bola; os seus pases e pateos poderán ser bloqueados. O contacto accidental coa porteira nunha acción coa bola en xogo está permitido.

1.8 A porteira poderase mover ao longo da liña de gol durante o lanzamento dun penal.

1.9 Para a carreira de impulso nun saque de falta ou de fóra de banda, a xogadora poderá saír fóra do campo.

Para un saque de banda, a xogadora que realice o saque pateará a bola desde fóra da liña de banda.

Noutras situacións distintas das anteriores as xogadoras deberán permanecer dentro do terreo de xogo.

1.10 Unha xogadora poderá levantar as súas mans para interceptar un saque de falta ou de banda.

REGRA 2- SITUACIÓNS DE XOGO DETIDO (BOLA PARADA)

2.1 A árbitra, de cara ás xogadoras, comezará o xogo, e reiniciaráo despois do descanso, mediante un lanzamento neutral entre dúas xogadoras de cada equipo, que deberán estar unha detrás da outra, dentro de cadansúa metade do terreo de xogo. Todas as demais xogadoras deberán estar nas súas respectivas posicións por detrás das liñas de 45 metros.

2.2 Despois dunha falta, o xogo será reiniciado mediante un tiro libre co pé ou un lanzamento neutral (tal e como especifique a regra a aplicar) no lugar no que a falta foi cometida.

Excepcións

(i) No caso de faltas dunha defensora dentro dos rectángulos, aplicarase o seguinte: Sinalarase penal para unha Falta Agresiva dentro do rectángulo grande ou calquera tipo de falta dentro do rectángulo pequeno. O penal deberá ser pateado desde o chan, nun punto a 11 metros en liña recta da liña de gol.

Sinalarase un saque libre co pé desde o centro da liña de 13 metros pola Falta Técnica cometida por unha defensora fóra do rectángulo pequeno e dentro do grande.

(ii) Por calquera falta realizada por un defensor dentro da propia liña de 13 metros pero fóra do rectángulo grande sinalarase un saque libre co pé na liña de 13 metros desde o punto perpendicular ao lugar da infracción.

(iii) Cando unha xogadora recibe unha falta xusto despois de xogar a bola resultando da súa xogada unha anotación, a anotación prevalecerá á sinalización da falta. Nas demais situacións, a árbitra poderá conceder un saque libre co pé onde sucedeu a falta se considera o saque da infracción máis vantaxoso que o lugar onde aterrou a bola ou polo que cruzou as liñas de banda ou de fondo. Nos casos nos que se retrotraia a acción á sinalización da falta procederase dos seguintes xeitos:

(a) Se a bola sae pola liña de fondo o saque libre co pé realizarase na liña de 13 metros no punto perpendicular polo que a bola cruzou a liña de fondo.

(b) Se a bola cruza a liña de 13 metros, o saque libre co pé realizarase desde o punto polo que a bola cruzou a liña de 13 metros.

(iv) Outras penalizacións veñen especificadas na REGRA 4 - infraccións 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 35; REGRA 5 - infraccións 4, 22, 31, 36; REGRA 6 - infracción 4

(v) Cando o xogo é reiniciado mediante un saque neutral despois dunha falta a menos de 13 metros da liña de banda o saque neutral deberase realizar 13 metros dentro do campo nun lugar paralelo a onde ocorreu a infracción.

(vi) Cando o xogo é reiniciado mediante un saque neutral logo dunha falta entre a liña de fondo e a liña de 20 metros, o saque neutral realizarase na liña de 20 metros no punto perpendicular a onde ocorreu a infracción.

Todas as xogadoras excepto a xogadora que vai sacar o tiro libre co pé deberán estar polo menos a 13 metros de onde foi concedido o tiro libre.

Todas as xogadoras excepto as dúas que van disputar un saque neutral estarán polo menos a 13 metros de onde o saque neutral foi concedido.

2.3 Cando dúas xogadoras rivais cometen falta de xeito simultáneo o xogo reiniciarase mediante un saque neutral.

2.4 O penal deberá ser pateado desde o chan nun punto a 11 metros en liña recta do centro da liña de gol. Soamente a porteira poderá estar na liña de gol. Todas as demais xogadoras, coa excepción da xogadora encargada de patear o penal deberán estar fóra da liña de 20 metros e do arco*; a polo menos 13 metros da bola e non poderán cruzar a liña de 20 até que esta sexa pateada. A porteira poderase mover ao longo da liña, pero non poderá adiantarse dela até que a bola sexa pateada. Se unha defensora comete algunha infracción durante o penal e este non remata en gol, a árbitra poderá permitir** a repetición do penal.

**Polas dimensións dos campos da Galiza non é posible pintar o arco.*

*** O Consello Central da GAA interpretou as palabras "poderá permitir" co significado de que no caso de que unha defensora cometa unha infracción durante a acción de patear o penal, daráselle a opción a encargada de patear de repetir o penal ou que-darse cun punto.*

2.5 O tiro libre co pé distinto do penal ou do tiro libre de 45 metros, tal e como se di na regra 2.8. poderá ser pateado desde as mans ou desde o chan. Unha vez que a xogadora lle indica a árbitra a súa decisión non poderá ser cambiada. A bola deberá estar detida cando o tiro libre co pé sexa pateado desde o chan.

2.6 Co consentimento da árbitra, un tiro libre co pé poderá ser pateado de inmediato.

Excepcións:

O penal e o tiro libre co pé concedido a un equipo na liña de 13 metros do opoñente.

2.7 O tiro libre de porta Cando a bola supere a liña de fondo pola acción do equipo atacante ou é conseguida unha anotación, o xogo será reiniciado por un tiro libre desde o chan na liña de 13 metros e dentro do rectángulo grande. Se a porteira non saca o tiro libre de porta, deberá estar dentro do rectángulo pequeno, todas as demais xogadoras excepto o que executa o tiro libre deberán estar fóra da liña de 20 e a 13 metros da bola até que sexa pateada. A xogadora que executa o tiro libre de porta poderá patear a bola máis de unha vez antes de que calqueroutra xogadora toque a bola pero non poderá collela coas mans. A bola deberá desprazarse polo menos 13 metros antes de ser xogada por calqueroutra xogadora.

(b) A xogadora que executa o tiro libre de porta logo dunha anotación ou de que a bola supere a liña de fondo pola acción do equipo atacante poderá empregar un tee standard aprobado polo Consello Central.

2.8 O tiro libre de 45 metros. Cando a bola supere a liña de fondo por fóra dos paus da porta pola acción do equipo defensor, concederase un tiro libre desde o chan desde a liña de 45 metros nun punto perpendicular a aquel por onde a bola cruzou a liña de fondo.

2.9 O tiro libre de banda. Cando a bola supera a liña de banda pola acción de un equipo, concederase un tiro libre desde as mans ao outro equipo. O tiro libre de banda realizarase desde o lugar polo que a bola cruzou a liña de banda. No caso de que a bola supere a liña de banda pola acción simultánea de dúas xogadoras rivais ou se os árbitros non están seguros de quen tocou a bola en último lugar, concederase un saque neutral entre unha xogadora de cada equipo, a 13 metros en paralelo dentro do campo do lugar polo que saíu a bola. A bola que golpee unha bandeira de liña de banda ou de corner será tratada dese mesmo xeito. Todas as xogadoras, excepto as que compitan polo saque neutral, estarán a polo menos 13 metros da bola até que sexa pateada ou golpeada.

2.10 Se en circunstancias excepcionais o xogo é detido pola árbitra para que unha xogadora gravemente mancada sexa atendida ou retirada do terreo de xogo o xogo será reiniciado dunha das seguintes maneiras:

(i) Se un equipo estaba en posesión da bola, reiniciarase o xogo cun tiro libre co pé a favor dese equipo desde o lugar onde estaba a bola cando foi detido o xogo, a menos que estivesen dentro da liña de 13 metros; caso no que dito tiro libre co pé será concedido na liña de 13 metros nun punto perpendicular ao que estaba a bola cando o xogo foi detido. Non se poderá anotar directamente desde dito tiro libre co pé

(ii) Se ningún dos dous equipos estaba en posesión da bola, farase un saque neutral desde o lugar no que o xogo foi detido, suxeito ao previsto nas excepcións (v) e (vi) da Regra 2.2

2.11 Se a bola toca a calquera que non sexa xogadora o xogo reiniciarase cun saque neutral desde o punto onde se produciu a interrupción; excepto no caso dun tiro libre co pé, xa que este repetirase de novo.

Excepcións

(i) Como está previsto na Regra 3.3 (a).

(ii) Se a interrupción impediu que a bola cruzase unha liña de banda ou de fondo a árbitra deberá tratar o caso como se a bola efectivamente cruzase a liña e conceder o que proceda dada a situación previa.

2.12 Marca (non se aplicará nos encontros da Liga Gallaecia ao xogar 9x9 e garantirse a fluidez do xogo).

Cando unha xogadora colle a bola dun tiro libre de porta limpamente e sen que toque chan, na ou pasada a liña de 45 metros mais achegada a onde se pateou o tiro de porta, a árbitra concederalle unha marca. Grazas a ela a xogadora poderá escoller entre :

(a) Sacar un tiro libre co pé (b) Continuar xogando.

Estas dúas opcións supoñen:

(a) Tiro libre co pé.

A xogadora dirixirse a árbitra se permite o saque e logo poderá realizalo desde as mans e desde o punto onde lle foi concedida a marca. Unha vez a xogadora indica que vai coller a “marca”, a árbitra concederalle 5 segundos para realizar o saque do tiro libre co pé. Se a xogadora demora o saque máis aló dos cinco segundos, a árbitra poderá cancelar a “marca” e facer un saque neutral entre dúas xogadoras de cada equipo. Unha vez que a xogadora indica que colle a “marca” as xogadoras rivais deberán separarse dela polo menos 10 metros para que poda realizar o tiro libre co pé. No caso de que as rivais, de xeito deliberado bloqueen o pateo, ou impidan o pateo, a árbitra poderá penalizalo movendo o punto de saque 13 metros máis adiante. Se a árbitra determina que a xogadora que fixo a “marca” mancouse na acción e non pode facer o tiro libre co pé, indicarlle á compañeira máis achegada que realice o tiro libre co pé, non podendo anotar directamente con ese saque.

(b) Continuar xogando inmediatamente.

Nesta circunstancia, a xogadora non poderá ser presionada pola posesión da bola até que corra coa bola en posesión polo menos 4 pasos ou manteña posesión máis do tempo necesario para realizar os catro pasos, a acción de pateo, o bote ou o solo. Se a xogadora é ilegalmente presionada, concederáselle un tiro libre co pé ao seu equipo desde o punto no que dita presión foi feita e o pateo poderá ser realizado por calquera xogadora do seu equipo.

REGRA 3 - ANOTACIÓNS

3.1 Anótase un GOL cando pola acción legal de calquera xogadora dos dous equipos a bola supera totalmente a liña de gol, entre os dous postes e baixo o traveseiro. Anótase un PUNTO cando pola acción legal de calquera xogadora dos dous equipos a bola supera o traveseiro entre os dous postes.

Un GOL equivale a tres puntos.

O equipo co maior número de puntos totais ao final do encontro será o gañador.

Excepcións

Unha xogadora do equipo atacante en posesión da bola non acadará unha anotación cando:

- (i) Se cruza a liña de gol carrexando a bola.
- (ii) Tendo a posesión e golpeando a bola coas mans, excepto no previsto pola Regra 1.2 excepción (ii), caso no que o gol será legal. Si poderá anotar un punto tendo a posesión e golpeando a bola tanto co puño como coa man aberta.

3.2 Será válida a anotación acadada golpeando a bola no aire coa(s) man(s).

3.3 (a) Considerarase como anotación válida cando, en opinión da árbitra, a bola non cruzou a liña de gol pola acción ou intromisión externa de calquer outra persoa que non sexa nin as xogadoras nin a árbitra.

(b) Se parte dos postes ou do traveseiro son desprazados durante o xogo, a árbitra deberá conceder as anotacións baixo o seu criterio, como se os postes ou o traveseiro non se tivesen movido.

3.4 Se por calquera tipo de acción legal dun defensor a bola traspasa a liña de gol, será concedida a anotación que corresponda ao equipo atacante.

3.5 Nos tiros libres co pé non se concede a anotación nas seguintes circunstancias:

- (a) Un tiro libre co pé concedido segundo a regra 2.10 (i)
- (b) Un tiro libre co pé concedido grazas a "marca" e sacado por unha xogadora diferente á que conseguiu a "marca".

4.1 Carrexar ou reter a bola máis do permitido na Regra 1.4 (a)

4.2 (a) Lanzar a bola sen a golpear.

(b) Pasar a bola coa man sen:

(i) golpeala co puño

ou

(ii) golpeala coa man aberta cunha acción clara e definida.

4.3 Levantar a bola do chan cos xeonllos.

4.4 Tirarse ou deitarse enriba da bola.

4.5 Tocar a bola coas mans cando está no chan, excepto nos casos previstos na Regra 1.2

4.6 Botar a bola máis de unha vez consecutiva logo de collela e tela controlada.

4.7 Lanzar a bola coas mans e collela antes de que toque o chan, outra xogadora ou os postes da porta.

4.8 Pelexar a bola cun opoñente que ten a posesión agarrándoa nas súas mans e tirando dela.

4.9 Unha atacante que entra no rectángulo pequeno rival, cometerá unha infracción cando:

(a) Durante o xogo (excluindo situacións de xogo detido), entra antes da última acción realizada coa bola con dirección ao rectángulo pequeno ou dentro do rectángulo pequeno.

(b) En situacións de xogo detido, se entra antes de que a bola entre no rectángulo pequeno.

Excepcións

(i) Se unha atacante entra legalmente no rectángulo pequeno e a bola é xogada des-de ese punto cara fóra pero é retornada ao interior do rectángulo pequeno sen que a atacante teña tempo de deixar a área, non xogue a bola, nin interfira na defensa, non se considerará infracción.

(ii) Cando un punto é anotado desde fóra do rectángulo pequeno e a bola vai suficientemente alta e fora do alcance de todas as xogadoras, a anotación será concedida aínda que unha atacante estivera dentro do rectángulo pequeno de xeito ilegal antes de que a bola entre nel; sempre e cando non interfira ilegalmente na defensa.

4.10 (a) Cambiar a bola de man sen que a man coa que se tiña o control da bola orixinalmente manteña contacto coa bola até que o cambio sexa completado.

(b) Cambiar a bola de man máis de unha vez, a menos que sexa botada ou se faga o solo entre un cambio de man e o seguinte.

4.11 (a) Que calquera xogadora do equipo que saca menos a pateadora se sitúe a menos de 13 metros do lugar no que se vai realizar un tiro libre co pé antes de que a bola sexa pateada. (b) Que calquera xogadora do equipo que vai lanzar un penal menos a lanzadora estea dentro da liña de 20 ou do arco*, antes de que a bola sexa pateada.

**Polo tamaño dos campos da Galiza é imposible pintar o arco.*

4.12 Que unha atacante carrexe a bola traspasando a liña de gol do opoñente.

4.13 Que unha atacante en posesión da bola anote un GOL coa man, excepto no previsto na Regra 1.2 excepción (ii)

PENALIZACIÓNS PARA ESTAS INFRACCIÓNS – Tiro libre co pé desde o lugar onde a infracción foi cometida excepto o previsto nas excepcións da Regra 2.2

4.14 Estar dentro da liña de 20 rival antes do saque dun tiro libre de porta.

PENALIZACIÓN- Tiro libre co pé desde a liña de 20 do equipo defensor (o da infractora) nun punto perpendicular a aquel no que a infracción foi cometida.

4.15 Cando, dentro do rectángulo pequeno propio, o defensor está a menos de 13 metros do punto de saque dun tiro libre co pé

PENALIZACIÓN - Penal.

4.16 (a) Para unha xogadora do equipo que defende un penal, coa excepción da porteira, estar dentro da liña de 20 metros ou do arco antes de que o penal sexa pateado.

(b) Para a porteira que defende un penal, achegarse a menos de 11 metros do lugar do que se vai sacar o penal.

PENALIZACIÓNS – Se non se anota un GOL, a árbitra poderá conceder* a repetición do penal.

** Revisar a interpretación do Consello Central para “poderá conceder” prevista na Regra 2.4.*

4.17 (a) Que unha rival estea a menos de 13 metros da bola antes do saque dun tiro libre co pé ou un tiro libre de banda.

PENALIZACIÓN – Tiro libre co pé 13 metros máis adiante do punto do tiro libre orixinal.

(b) No caso dun tiro libre co pé derivado da consecución dunha marca: Para unha xogadora rival que non retroceda 10 metros para dar espazo ao saque do tiro libre, bloquee ou tente bloquear deliberadamente a bola, ou impedir á lanzadora patear o tiro.

PENALIZACIÓN – Tiro libre co pé 13 metros máis adiante do punto do tiro libre orixinal.

(c) No caso de que a xogadora que consegue unha marca opte por xogar inmediatamente: Para un opoñente que presiona ou tenta desposuíla da bola antes de que a xogadora teña carrexado a bola por un máximo de catro pasos consecutivos ou a teña en posesión o tempo equivalente á realización deses catro pasos ou antes de que realice o xesto de pateo, pase coa man, botar ou facer o solo.

PENALIZACIÓN – Tiro libre co pé desde o lugar onde a acción ilegal é cometida. O tiro libre poderá ser pateado por calquera xogadora do equipo beneficiado pola decisión arbitral.

4.18 Retrasar o saque rival dun tiro libre de banda ou dun tiro libre mediante o golpeo ou pateo da bola , non deixar a bola ao rival, ou non moverse deliberadamente para non permitir o pateo do tiro libre.

4.19 Interferir deliberadamente o lanzamento dun tiro libre ou dun tiro libre de banda, saltando, movendo as mans ou calqueroutra interferencia física ou verbal considerada pola árbitra co obxectivo de distraer á xogadora que vai patear o tiro libre.

Excepción:

Unha xogadora que mantén as súas mans levantadas no aire non constitúe unha interferencia.

PENALIZACIÓN PARA AS INFRACCIÓNS ANTERIORES - Tiro libre 13 metros máis adiante do punto do tiro libre orixinal, até chegar á liña de 13 rival.

4.20 Para unha opoñente estar a menos de 13 metros da bola antes do lanzamento dun tiro libre de porta.

PENALIZACIÓN - Tiro libre 13 metros máis adiante do punto do tiro libre de porta orixinal.

4.21 Reaxustar a bola para o saque desde o chan dun tiro libre, tiro de porta ou penal, sen o permiso da árbitra, despois de ter soprado o silbato para ordear dito saque de tiro libre, de porta ou penal desde o chan.

4.22 Xogar a pelota de novo xusto despois de sacar un tiro libre, un penal, un tiro de banda antes de que calqueroutra xogadora teña tocado a bola, a menos de que esta rebote nos postes ou no traveseiro.

4.23 Facer un montículo co propósito de levantar a bola para un tiro libre ou un tiro de porta.

4.24 (a) Adiantar a bola de xeito deliberado desde o punto no que un tiro libre, un tiro de banda foi sinalado.

(b) Realizar un tiro libre de banda desde dentro do terreo de xogo.

4.25 Perder tempo atrasando o saque dun tiro libre, tiro de banda, tiro de porta sinalado a favor do propio equipo da lanzadora.

PENALIZACIÓN PARA AS INFRACCIÓNS ANTERIORES

(i) Cancelar o tiro libre ou tiro de banda.

(ii) Realizar un saque neutral onde sucedeu a infracción excepto nos casos previstos nas Excepcións (v) e (vi) da Regra 2.2

4.26 Usar un tee ilegal ou usar un tee de xeito ilegal.

PENALIZACIÓN

(i) Anular calquera anotación resultante.

(ii) Realizar un saque neutral onde sucedeu a infracción excepto nos casos previstos nas excepcións(v) e (vi) da Regra 2.2

4.27 Para unha xogadora que vai patear un tiro libre de porta que colle a bola coas mans antes de que calquer outra xogadora a toque.

4.28 Estar dentro da liña de 20 metros cando o propio equipo vai realizar o tiro libre de porta, excepto o previsto na Regra 2.7.

4.29 Cando calquer outra xogadora do equipo que vai realizar o tiro de porta xogue a bola antes de que esta se desprace 13 metros

4.30 Calquera xogadora do equipo que vai realizar o tiro de porta que se atope a menos de 13 metros da bola ao realizar o saque.

4.31 Perder tempo atrasando un tiro de porta propio.

4.32 Sacar un tiro de porta despois dunha anotación ou de que a bola supere a liña de fondo por acción dunha atacante desde un lugar diferente á liña de 13 metros ou dentro do rectángulo grande.

PENALIZACIÓN PARA AS INFRACCIÓNES ANTERIORES

(i) Cancelar o tiro de porta.

(ii) Realizar un saque neutral na liña de 20 metros do equipo defensor en fronte á porta.

4.33 Cando xogadoras de ambos equipos cometan faltas de xeito simultáneo.

PENALIZACIÓN – Saque neutral onde as infraccións foran realizadas excepto no previsto nas Excepcións (v) e (vi) da Regra 2.2

4.34 Gañar vantaxe de xeito deliberado saíndo fóra das liñas do terreo de xogo, excepto nos casos previstos na Regra 1.9

PENALIZACIÓN – Tiro libre co pé desde o lugar onde se cometeu a infracción.

4.35 Interferir coa axuda postes para distraer ao opoñente ou gañar vantaxe.

PENALIZACIÓN – Amoestar ao infractor; expulsalo no caso dunha segunda amoestación.

4.36 Cando unha infracción é cometida, a árbitra poderá permitir que o xogo continúe se considera que é vantaxoso para o equipo que recibiu a infracción. Sinalará a VANTAXE correndo mentres mantén o seu brazo en posición ergueita por máis de cinco segundos despois de de que a infracción fose cometida. Se a vantaxe non se fai clara baixará o brazo ergueito e, consecuentemente, sinalará a infracción no lugar onde foi cometida, concedendo o tiro libre (coas Excepcións (v) e (vi) do artigo 2.2). A árbitra poderá aplicar calquera acción disciplinaria que considere.

REGRA 5 - FALTAS AGRESIVAS

Infraccións deliberadas ou accidentais:

Os seguintes apartados desta Regra sobre Faltas Agresivas fan referencia a infraccións específicas que serán penalizadas cunha AMOESTACIÓN OU COA EXPULSIÓN, ordenadas por cartóns dunha determinada cor (amarelo, negro ou vermello). O cartón será amosado só cando a árbitra considere que a infracción foi deliberada e non accidental.

Nota.- CARTÓNS

Cartón Amarelo – Amósase por calquera infracción amoestable.

Cartón Negro – Amósase para expulsar a unha xogadora polo Comportamento Anti-deportivo regulado na Regra 5 (Faltas agresivas, Regras de xogo ilegal)

Cartón Vermello – Amósase para: (a) expulsar unha xogadora por infraccións reguladas do 5.15 ao 5.34 da Regra 5, Faltas Agresivas, Regras de xogo ilegal. (b) Por unha segunda Infracción amoestable (segundo cartón amarelo/cartón vermello). (c) Por unha infracción amoestable seguida por un comportamento antideportivo (cartón negro/cartón vermello)

Infraccións graves – Definición por categorías.

As infraccións derivadas de faltas agresivas divídense en 6 categorías e darán lugar a diferentes penalizacións:

- Ser amoestado por unha infracción.
- Ser expulsado directamente ou logo dunha segunda infracción penalizada cunha amoestación.
- Ser expulsado logo dunha infracción penalizada cunha amoestación seguida por unha infracción por Comportamento Antideportivo.

Categoría I -Infraccións agresivas ordinarias

5.1 Bloquear ou intentar bloquear coa bota cando un oponente está a patear desde as man(s).

5.2 Impedir ou tentar impedir a unha oponente levantar ou patear a bola do chan mediante un golpe coa bota na súa man, brazo, pé ou perna .

5.3 Realizar ou enganchar en calquera forma de xogo violento.

PENALIZACIÓN PARA AS INFRACCIÓNS ANTERIORES

- (i) Amoestar ao infractor; expulsalo no caso de cometer unha segunda infracción amoestable.
- (ii) Tiro libre co pé desde o lugar onde ocorreu a infracción coas salvedades reguladas nas Excepcións da Regra 2.2

5.4 Tentar gañar vantaxe finxindo recibir unha falta ou ter unha lesión.

PENALIZACIÓN

- (i) Amoestar ao infractor; expulsar no caso de cometer unha segunda infracción amoestable.
- (ii) Se a xogada foi interrompida por unha falta, concederase un tiro libre co pé no lugar onde foi realizada dita infracción, coas salvedades reguladas nas Excepcións da Regra 2.2

5.5 Agarrar a unha oponente coas mans.

5.6 Empregar o puño sobre ou ao redor do corpo dunha oponente co propósito de despoñela da bola.

5.7 (a) Cargar a unha oponente nas costas ou no peito.

(b) Cargar unha oponente que :

(c) non está en posesión da bola,

(d) está realizando a acción de pateo,

(e) cando as dúas xogadoras non se están a mover en dirección á bola coa intención de xogala.

(f) Cargar a unha contraria co propósito de dar vantaxe a unha compañeira.

PENALIZACIÓN PARA AS INFRACCIÓNS ANTERIORES

(i) Tiro libre co pe onde foi cometida a infracción coas salvedades reguladas nas Excepcións á Regra 2.2

(ii) Amoestar á infractora por ter cometido calquera das infraccións anteriores por segunda vez. Expulsala no caso de cometer máis unha infracción deste tipo ou calquer outra infracción amoestable regulada nos demais apartados.

5.8 Empuxar a un oponente coas mans.

5.9 (a) Cargar (de xeito legal se esa carga a recibise calquer outra xogadora) a porteira no seu rectángulo pequeno.

(b) Tendo a posesión da bola, cargar a unha defensora.

PENALIZACIÓN PARA AS INFRACCIÓNS ANTERIORES

(i) Tiro libre co pe onde foi cometida a infracción coas salvedades reguladas nas Excepcións á Regra 2.2

(ii) Amoestar á infractora por persistir na comisión de este tipo de faltas (varias). Expulsar por unha nova repetición logo da Amoestación ou por cometer calquer outra falta amoestable regulada nos demais apartados.

Categoría II Infraccións agresivas por comportamento antideportivo.

5.10 Derrubar deliberadamente a unha oponente.

5.11 Facer unha cambadela ou enganchar polos pés, pernas, a unha oponente de xeito deliberado cos brazos, pernas ou pés.

5.12 Colisionar deliberadamente cunha oponente despois de que esta teña xogado a bola, ou colisionar co propósito de desprazala fóra do sentido da xogada.

5.13 Expresarse de xeito agresivo con calquera membro do Equipo Arbitral (principal, mesa ou umpires)

PENALIZACIÓN PARA AS INFRACCIÓNS ANTERIORES

(i) Expulsar á infractora ensinándolle o CARTÓN NEGRO.

(ii) Permitir o seu reempazo entre os substitutos.

(iii) Tiro libre co pé desde o lugar no que a infracción foi cometida coas salvedades reguladas nas Excepcións da Regra 2.2.

5.14 Tratar, empregar xestos ou linguaxe abusiva, despreciativa ou vexatoria cunha opoñente ou unha compañeira.

PENALIZACIÓN PARA AS INFRACCIÓN S ANTERIORES

(i) Expulsar á infractora ensinándolle o CARTÓN NEGRO.

(ii) Permitir o seu reempazo entre os substitutos.

(iii) Cando unha opoñente é a vítima: Tiro libre co pé desde o lugar no que foi cometida a infracción coas salvedades reguladas nas Excepcións da Regra 2.2.

Cando unha compañeira é a vítima: Saque neutral no lugar onde ocorreu a infracción coas salvedades reguladas nas Excepcións (v) e (vi) da Regra 2.2.

Categoría III Infraccións agresivas graves.

5.15 Golpear ou tentar golpear a unha rival co brazo, cóbado, man ou xeonllo.

5.16 Patear ou tentar patear a unha opoñente coa mínima forza.

5.17 Realizar calquera acción ou comportamento perigoso para unha opoñente.

5.18 Cuspir a calquera persoa.

5.19 Participar dun tumulto.

5.20 Insultar ou ser irrespetuosa con calquera membro do Equipo Arbitral (principal, mesa e umpires)

PENALIZACIÓN PARA AS INFRACCIÓN S ANTERIORES

(i) Expulsar á infractora.

(ii) Tiro libre co pé desde o lugar no que foi cometida a infracción coas salvedades reguladas nas Excepcións da Regra 2.2.

5.21 Cometer calquera das infraccións recollidas do 5.15 ao 5.18, ambas inclusive, contra unha compañeira.

PENALIZACIÓN PARA AS INFRACCIÓN S ANTERIORES

(i) Expulsar á infractora.

(ii) Tiro libre co pé desde o lugar no que foi cometida a infracción coas salvedades reguladas nas Excepcións da Regra 2.2.

5.22 Cometer calquera das faltas recollidas do 5.15 ao 5.18, ambas inclusive, contra unha opoñente antes do comezo do partido ou durante o descanso.

PENALIZACIÓN PARA AS INFRACCIÓN S ANTERIORES

A infractora será tratada como EXPULSADA e non participará no encontro.

Nota - Unha vez o Equipo Arbitral teña recibido a lista de xogadoras, a infractora non poderá ser substituída de ningunha das formas.

Categoría IV Infraccións agresivas moi graves.

5.23 Golpear ou tentar golpear a unha rival coa testa.

5.24 Patear a unha rival con forza ou causándolle lesión.

5.25 Tentar patear con forza a unha rival.

5.26 Estampar no chan a unha rival.

5.27 Causar unha lesión a unha rival sen ter en conta o perigo ou as consecuencias da realización das accións recollidas arriba ou calquer outra diferente igual de violenta.

5.28 Asaltar a calquera membro do equipo ou organización do equipo rival.

5.29 Actuar de xeito consciente, con palabras ou xestos , de forma racista, sectarista, anti-inclusiva, anti-diversidade contra calquera persoa.

PENALIZACIÓN PARA AS INFRACCIÓNS ANTERIORES

(i) Expulsar á infractora.

(ii) Tiro libre co pé desde o lugar no que foi cometida a infracción coas salvedades reguladas nas Excepcións da Regra 2.2.

5.30 Cometer calquera das faltas recollidas do 5.23 ao 5.27, ambas inclusive, contra unha compañeira.

PENALIZACIÓN PARA AS INFRACCIÓNS ANTERIORES

(i) Expulsar á infractora.

(ii) Saque neutral no lugar no que foi cometida a infracción coas excepcións (v) e (vi) reguladas nas Excepcións da Regra 2.2.

5.31 Cometer calquera das faltas recollidas do 5.23 ao 5.27, ambas inclusive, contra unha opoñente antes do comezo do partido ou durante o descanso.

PENALIZACIÓN PARA AS INFRACCIÓNS ANTERIORES

A infractora será tratada como EXPULSADA e non participará no encontro.

Nota - Unha vez o Equipo Arbitral teña recibido a lista de xogadoras, a infractora non poderá ser substituída de ningunha das formas.

Categoría V Infraccións agresivas flagrantes (I)

5.32 Interferir e acosar a calquera membro do Equipo Arbitral- mínima increpancia física, por ex: pórllle unha man enriba, empurrar, tirar, abanear-.

5.33 Empregar linguaxe ameazante ou intimidatorio con calquera membro do Equipo Arbitral

5.34 Empregar un comportamento ou conduta ameazante ou intimidatoria con calquera membro do Equipo Arbitral.

PENALIZACIÓN PARA AS INFRACCIÓNS ANTERIORES

- (i) Expulsar á infractora.
- (ii) Tiro libre co pé desde o lugar no que foi cometida a infracción coas salvedades reguladas nas Excepcións da Regra 2.2.

Categoría VI Infraccións agresivas flagrantes (II)

5.35 Golpear ou tentar golpear ou calquera tipo de asalto a un membro do Equipo Arbitral

PENALIZACIÓN PARA AS INFRACCIÓNS ANTERIORES

- (i) Expulsar á infractora.
- (ii) Tiro libre co pé desde o lugar no que foi cometida a infracción coas salvedades reguladas nas Excepcións da Regra 2.2.

Outras disposicións

5.36 Cando unha xogadora devolva unha infracción recibida no momento entre a concesión do tiro libre ao seu favor e o momento no que o tiro libre é pateado.

PENALIZACIÓN PARA AS INFRACCIÓNS ANTERIORES

- (i) Cancelar o tiro libre co pé.
- (ii) Tiro libre co pé para o rival desde o lugar no que foi cometida a infracción coas salvedades reguladas nas Excepcións da Regra 2.2.
- (iii) Aplicar o(s) apartado(s) da Regra 5 que sexa(n) adecuado(s) ao caso.

5.37 No caso no que xogadoras de ámbolos dous equipos se fagan unha falta regulada en calquer categoría da Regra 5 de xeito simultáneo unhas a outras.

PENALIZACIÓN PARA AS INFRACCIÓNS ANTERIORES

- (i) Saque neutral no lugar onde ocorreron as infraccións, coas salvedades das Excepcións (v) e (vi) da Regra 2.2.
- (ii) Aplicar o(s) apartado(s) da Regra 5 que sexa adecuado ao caso.

5.38 Cando unha falta agresiva é sinalada a árbitra por un Umpire ou Liña, a árbitra deberá aplicar a norma apropiada de acordo coa Regra 5 e deberá reiniciar o xogo de acordo coa Regra 2.

5.39 Cando unha infracción é cometida, a árbitra poderá permitir que o xogo continúe se considera que é vantaxoso para o equipo que recibiu a infracción. Sinalará a VANTAXE correndo mentres mantén o seu brazo en posición ergueita por máis de cinco segundos despois de que a infracción fose cometida. Se a vantaxe non se fai clara baixará o brazo ergueito e, consecuentemente, sinalará a infracción no lugar onde foi cometida, concedendo o tiro libre (coas Excepcións (v) e (vi) do artigo 2.2). A árbitra poderá aplicar calquera acción disciplinaria que considere.

As sancións para todas as infraccións anteriores están rexidas pola Regra 7.2 – Infraccións, Guía Oficial Parte 1. Como guía, as suspensións están, en parte, relatadas a continuación*:

**As seguintes suspensións e sancións son as oficiais da GAA, serán de carácter consultivo e orientativo na Liga Gallaecia en adición ao establecido na Regra 9.11 da Sección Segunda deste regulamento e mentres non se tome a decisión de as aplicar directamente.*

Infraccións de Categoría I

Ser expulsado directamente ou por cometer unha segunda infracción amoestable. Cometer unha infracción amoestable seguida de unha infracción por comportamento antideportivo.

PENALIZACIÓN:

- (i) Prohibición de xogar o que quede de encontro, incluído calquera tempo extra.
- (ii) Cando tal infracción se repita e a xogadora sexa expulsada tres veces por esta circunstancia: un encontro de suspensión, incluso cando o partido de sanción sexa ao ano seguinte.

Infraccións de Categoría II

Ser expulsado por comportamento antideportivo

PENALIZACIÓN:

- (i) Prohibición de xogar o que quede de encontro, incluído calquera tempo extra.
- (ii) tres expulsións por comportamento antideportivo ou á segunda amoestación recibida despois de ter sido suspendido: un encontro de suspensión, incluso se o seguinte encontro ten lugar ao ano seguinte.

Infraccións de Categoría III

- (i) Mínimo – Un partido de suspensión, incluso cando o encontro de suspensión sexa ao ano seguinte.
- (ii) Mínimo cando repita a infracción- Suspensión por dous partidos, incluso cando un ou os dous encontros de suspensión sexan ao ano seguinte.

Infraccións de Categoría IV

- (i) Mínimo - Suspensión por dous partidos, incluso cando un ou os dous encontros de suspensión son ao ano seguinte.
 - (ii) Mínimo ao repetir a infracción – Suspensión por tres partidos, incluso cando un ou varios dos encontros de suspensión sexan ao ano seguinte.
- O conxunto de infraccións tipificadas desde o 5.29 e seguintes penalizaranse de acordo á Regra 7.2(e).

Infraccións de Categoría V

- (i) Mínimo: 12 semanas de suspensión.
- (ii) Mínimo no caso de repetir infracción: 24 semanas de suspensión.

Infraccións de Categoría VI

(i) Mínimo: 48 semanas de suspensión, coa posibilidade de desc alificar ao Equipo agresor, cando sexa apropiado.

(ii) Mínimo no caso de repetir infracción dentro dun prazo de 96 semanas da anterior sanción: 96 semanas de suspensión, coa posibilidade de desc alificar ao equipo agresor cando sexa apropiado.

REGRA 6 – DISENTIMENTO DAS DECISIÓNS ARBITRAIS

6.1 Desafiar a autoridade de calquera membro do Equipo Arbitral.

PENALIZACIÓN – Amoestar ao infractor. Expulsar por unha segunda falta amoestable.

6.2 Negarse a levar o protector bucal a requirimento da árbitra.

PENALIZACIÓN – Amoestar ao infractor. Expulsar se persiste.

6.3 Negarse a deixar o terreo de xogo por indicación da árbitra, para ser atendido logo dunha lesión de sangue,

PENALIZACIÓN – Amoestar ao infractor. Expulsar se persiste na súa negativa.

6.4 Mostrarse contrario á decisión da árbitra de conceder un tiro libre ao equipo rival

PENALIZACIÓN – O tiro libre concedido adiantarase 13 metros, tendo como tope a liña de 13 metros rival. Unha grande negativa ou oposición poderá ser considerada como un caso da norma 6.1 e penalizada de acordo con tal apartado.

6.5 (a) Negarse a abandonar o terreo de xogo cando se é expulsado.

(b) Voltar a entrar no terreo de xogo unha vez se foi expulsado del.

PROCEDEMENTO:

Primeiro, Dar unha advertencia de tres minutos á Capitana e/ou a responsable do equipo e/ou a xogadora involucrada. Se a xogadora persiste na súa actitude de manterse no campo decretarase o final do encontro.

6.6 Unha xogadora ou equipo abandona o terreo de xogo sen o permiso arbitral para non continuar xogando.

PROCEDEMENTO

Como na Regra 6.5.

Calquera xogadora que continúe sen querer seguir xogando daralle o seu nome a árbitra.

7.1 A Liga Gallaecia ten como prioridade o fomento do deporte mixto, inclusivo e de base, articulado nunha competición galega.

7.2 A Liga Gallaecia caracterízase por unha serie de valores definitorios que toda equipa e integrantes, debe contribuír a promover e conservar dentro e fora do xogo.

7.3 Coa finalidade de preservar ditos valores, e como complemento imprescindible do regulamento xenérico da Liga, poñemos en práctica unha serie de medidas que toda equipa e os seus membros debe cumprir:

Somos unha liga inclusiva e igualitaria

7.4 Rexeitamos, denunciemos e sancionamos calquera comentario, comportamento, prácticas e actitude que atente contra a integridade física e moral das xogadoras e da árbitra.

7.5 Entendemos calquera comentario ou comportamento motivado por distincións de xénero, orientación sexual, aspecto físico ou procedencia xeográfica ou cultural, como unha actitude discriminatoria que será sancionada con cartón vermello á xogadora que nela incorra.

7.6 Entendemos que as diferencias físicas son individuais e non por razóns de xénero e polo tanto non practicamos un xogo condescendente coas compañeiras mulleres.

7.7 A agresión física ou verbal premeditada a outra xogadora sanciónámola con cartón vermello, de acordo co xa recollido no regulamento.

7.8 A protesta ás decisións da árbitra será sancionado con cartón negro, de acordo co xa recollido no regulamento.

7.9 A agresión física ou verbal á árbitra será sancionada con cartón vermello, de acordo co xa recollido no regulamento.

7.10 Calquera comentario, comportamento e actitude procedente das persoas seareiras asistentes ao xogo, que atente contra a integridade física e moral das xogadoras e da árbitra, saldarase coa expulsión do campo da persoa ou persoas que niso incorran.

7.11 Todas as xogadoras nos comprometemos coa denuncia de prácticas discriminatorias por parte doutras xogadoras da Liga ou de seareiras do xogo.

Actuamos con deportividade

7.12 Non xogamos de forma agresiva de modo pretendido, xogamos limpamente e sen trampas.

7.13 Non nos obcecamos coa vitoria, priorizamos o divertimento e o xogo xusto.

7.14 Recoñecemos os erros e sinalamos os das compañeiras de forma respectuosa e co único obxectivo de favorecer a aprendizaxe colectiva e unha competición xusta.

7.15 Preocupámonos polas xogadoras que puidesen facerse dano e facilitamos a axuda.

7.16 Actuamos con dilixencia nas instalacións deportivas, favorecendo o bo trato ás mesmas.

Apelamos á responsabilidade colectiva

7.17 Toda equipa que participe na Liga comprométese con que as súas xogadoras coñezan, respecten e promovan o cumprimento deste código.

7.18 O cartón vermello con que se sancionaran as agresións verbais e físicas a outras xogadoras é mais unha forma de traballar a aprendizaxe e responsabilidade colectiva de cada equipa cos valores que caracterizan a Liga.

7.19 Calquera equipa que durante mais de tres xogos consecutivos teña xogadoras que foron sancionadas con cartón vermello por comportamentos e prácticas discriminatorias ou agresións físicas, deberá presentar ante a Coordinadora da Liga Gallaecia unha batería de medidas destinadas a corrixir a problemática e a confirmar o seu compromiso colectivo cos valores da Liga. De non presentar ditas medidas ou se presentándolas, incorre novamente na mesma sanción e por iguais motivos, debaterase a perma-nencia da equipa na Liga.

REGRA 8. COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS

8.1 A Liga Gallaecia é mixta e disputa os seus encontros con 9 xogadoras por cada equipo, unha xogadora será designada como porteira. Os cambios serán ilimitados e realizaranse na metade do terreo de xogo que defende cada equipo.

8.2 O número mínimo de xogadoras para poder disputar un encontro será de 7.

8.3 No caso de que un equipo só dispoña de 7 xogadoras e o rival dispoña de 9 ou máis, este último deberá disputar o encontro con 9 xogadoras.

8.4 No caso de que no transcurso dun encontro, un equipo quede con menos de 7 xogadoras dispoñibles por causas do xogo (expulsións e/ou lesións) darase por finalizado o xogo e daráselle por perdido o encontro a ese equipo independentemente do marcador.

8.5 Os equipos deberán presentarse no terreo de xogo onde se disputa o encontro con, polo menos, 30 minutos de antelación sobre a hora fixada para o comezo do xogo. A hora fixada para o comezo do encontro é a da realización do saque inicial, non a de chegada ao campo.

8.6 No caso de non se presentar un equipo no terreo de xogo con, polo menos, o número mínimo de xogadoras (7) e nos 30 minutos exactos despois da hora sinalada para o comezo do xogo salvo aviso previo por causas de forza maior (accidente, retención de tráfico) daráselle por perdido o encontro por incomparecencia.

8.7 Os partidos resoltos por incomparecencia resolveranse cun marcador de 3-11 (20) 0-0 (0) en contra do equipo que non se presentou.

8.8 A fin de semana e comarca estarán definidos no calendario inicial. Poderase concretar día (sábado ou domingo) con 20 días de antedecencia, e hora de inicio e instalacións con 5 días, salvo casos de forza maior segundo considere a Coordinadora.

8.9 Se ambos equipos propoñen adiar un encontro no que concorren sen dar motivación do adiamento con ao menos 13 días de antedecencia, o encontro será suspendido sen posibilidade de realización nun futuro.

8.10 Sempre e cando se decida con 48 horas de antelación, consideráranse motivos de forza maior para a suspensión e reprogramación dun encontro:

1. Condicións meteorolóxicas que poñan en risco as xogadoras e/ou imposibiliten un xogo correcto e limpo. Defínese a alerta laranxa formulada por Meteogalicia como o mínimo para a suspensión por este motivo.
2. Que un equipo non alcance o mínimo de xogadoras por causas como lesión, enfermidade, falecemento, ou parto de algunha(s) xogadoras ou outros imprevistos que a Coordinadora considere xustificables.

REGRA 9. EQUIPO DE ARBITRAXE E COMUNICACIÓN COS EQUIPOS

9.1 O equipo de arbitraje será mixto na medida do posible. Estará composto por 4 persoas: Árbitra principal, árbitra de mesa e dous umpires, un por porta. Aconséllase, de ser posible, ter dous umpires por porta. O mínimo serán 3 persoas. Nese caso será o equipo local quen designe a árbitra de mesa. Cada equipo participante na Liga Gallaecia presentará un Equipo Arbitral.

9.2 O equipo arbitral deberá presentarse no terreo de xogo 45 minutos antes da hora fixada para o comezo do encontro. O criterio para designar os equipos arbitrais será o de maior cercanía xeográfica segundo dispoñibilidade e virá establecido no calendario de cada tempada acordado polos equipos da Liga Gallaecia na Coordinadora. O equipo arbitral deberá ser provisto dun distintivo que lle facilitará o equipo local. A árbitra principal deberá levar pantalón curto. Está prohibido e será sancionable a arbitraje ou comparecencia baixo os efectos de calquer substancia que impida o correcto desenvolvemento da arbitraje.

9.3 É labor do equipo arbitral revisar as fichas das xogadoras antes do xogo, elaborar a acta e subila ao grupo da Coordinadora da Liga (modelo da acta está dispoñible como arquivo no grupo).

9.4 As fichas deberanse presentar ante o equipo arbitral en formato físico ou dixital.

9.5 No caso de que un equipo presente unha ou máis xogadoras sen a súa ficha regulamentaria, esa xogadora non poderá disputar o encontro. De participar no xogo, daráselle por perdido o encontro á equipa que a aliñe polo marcador establecido na Regra 8.7.

9.6 Os partidos da Liga Gallaecia terán unha duración de 60 minutos, divididos en dúas partes de 25 minutos e un descanso entre elas de 10 minutos.

9.7 A árbitra principal dirixirá o encontro e tomará as decisións que estime oportunas en aplicación das Regras de xogo establecidas nas Sección Primeira e Segunda deste regulamento. Poderá ser advertida ou aconsellada pola árbitra de mesa e as umpires, prevalecendo sempre a súa decisión unha vez escoitadas as demais persoas do equipo arbitral.

9.8 A árbitra de mesa, asistirá a árbitra principal levando o tempo e a puntuación, só poderá anotar puntos ou goles a indicación da árbitra principal. Comunicará todas aquelas incidencias que observe á árbitra principal.

9.9 As umpires situaranse detrás das portas. Asistirán á árbitra principal na decisión de se unha anotación foi legal ou non, tanto se se trata dun punto ou dun gol, de acordo ao establecido na Regra 3 da Sección Primeira deste Regulamento. Cando considere unha acción como un punto válido axitará unha bandeira branca. Cando considere unha acción como un gol válido axitará unha bandeira verde. No caso de considerar unha acción de anotación como non válida sinalarao facendo un xesto claro de negación con ambos brazos. Comunicará todas as incidencias que observe á árbitra principal.

9.10 Os equipos designarán unha responsable para dirixirse a árbitra principal durante o transcurso do xogo. As demais xogadoras non poderán dirixirse a ningún membro do Equipo Arbitral excepto no caso de que o membro do equipo arbitral se dirixa a elas en primeiro lugar. Cando esta regra se incumpra procederase de acordo ao establecido para os diferentes casos nas categorías (v) e (vi) da Regra 5; na Regra 6 da Sección Primeira e na Regra 7 da Sección Segunda deste Regulamento.

9.11 A árbitra principal, segundo o seu criterio de aplicación da Regra 5 da Sección Primeira deste Regulamento, poderá amoestar as xogadoras. As amoestacións faranse amosando o cartón da cor que se adecúe a infracción cometida. A maiores, na Liga Gallaecia, os cartóns terán as seguintes consecuencias:

A sanción de cada cartón é:

- (i) Amarelo > amoestación + 1 punto
- (ii) Negro > expulsión do xogo podendo ser substituída + 1,5 puntos
- (iii) Vermello directo > expulsión do xogo (sen substitución) + 3 puntos > 2 xogos de sanción

* 3 puntos acumulados > 1 partido de sanción

9.12 As xogadoras sancionadas non poderán participar de ningún encontro até que cumpran a suspensión establecida. Ademais, con respecto as sancións, seralles de aplicación tanto as xogadoras como os equipos dos que forman parte, o establecido nas Regras 7.17, 7.18 e 7.19 da Sección Segunda deste Regulamento, así como as medidas disciplinarias que sexan acordadas na Coordinadora por parte dos equipos da Liga Gallaecia.

GLOSARIO DE TERMOS EN GALEGO E EN INGLÉS EMPREGADOS NO FÚTBOL GAÉLICO E QUE FORMAN PARTE DAS SÚAS NORMAS

1. AMOESTACIÓN (CAUTION)

Anotar o nome dunha xogadora e mostrarlle cartón amarelo.

2. ATRAPADA (CATCH)

Gañar o control da bola coas mans impedindo que caia ao chan.

3. BOTE (BOUNCE)

Cando unha xogadora coa posesión lanza a bola contra o chan coas súas mans; a bola golpea no chan, sobe e a xogadora cóllea de novo coas súas mans.

4. CARGA (CHARGE)

Polo menos cun pe no chan, unha xogadora golpea ombreiro contra ombreiro a unha oponente que (a) está en posesión da bola pero non está realizando a acción de pateala, (b) ou ambas xogadoras están a se mover en dirección á pelota para tentar xogala.

5. CARTÓN (CARD)

ver descrición nas Regras 5 e 9.11

6. PERDA DE TEMPO (DELAY)

Atrasar deliberadamente o momento de poñer a bola en xogo, erguerse do chan, devolver unha bola, ir a procura dela co obxectivo de xogar menos tempo.

7. MONTÍCULO (DIVOT)

Nun tiro libre realizado desde o chan, facer unha elevación no terreo de xogo para colocar a bola e facilitar o golpeo.

8. FALTA (FOUL)

- Agresiva. Excederse física ou verbalmente de calquera xogadora ou rival.
- Disentimento. Estar abertamente en desacordo con calquera membro do Equipo Arbitral por calquera decisión.
- Técnica. Cometer calquera acción non permitida ca bola, ou calqueroutra acción non permitida que non é nin agresiva nin de disentimento.

9. PASE COA MAN (HANDPASS)

Tendo a posesión, a bola é xogada co:

- (i) puño ou (ii) a man aberta - neste caso será unha definida e inequívoca acción de golpeo.

A man que golpea non poderá manterse en contacto coa bola xusto despois do golpe. Cando as dúas mans están sendo empregadas, a bola será sostida cunha man e golpeada coa outra, ou, primeiro lanzada coa man que a sostén e despois golpeada coa outra. Cando so unha man é empregada a bola será primeiro lanzada coa man que a sostén e logo golpeada coa mesma man.

A acción de soltar a bola está considerada unha parte íntegral do pase de man.

10. NO AIRE (IN FLIGHT)

Considerase que está no aire cando está separada do chan, tendo sido xogada de algunha das formas permitidas polas Regras do Xogo.

11. LEVANTADA (LIFT)

Usar o pé ou os pés para levantar a bola do chan e levala ás mans.

12.MARCA (MARK)

Acción de atrapar de xeito limpo a bola no aire provinte dun Tiro de porta sen que teña tocado o chan previamente na ou pasada a liña de 45 metros máis achegada á porta da que se realizou o saque.

13.SOBRECARREXO (OVERCARRY)

Usar máis de 4 pasos levando a bola nas mans.

14.RETENCIÓN (OVERHOLD)

Manter a bola en posesión máis tempo do que levaría dar 4 pasos, aínda que a xogadora realice máis de 4 apoios.

15.XOGAR A BOLA (PLAY THE BALL)

Tocar a bola. A última xogadora que toque o balón antes de que saia será a persoa que a xogou en última instancia.

17. ENTRADA (TACKLE):

Técnica mediante a cal unha ou máis xogadoras tenta desposuír da bola a unha rival, ou frustrar o seu obxectivo actuando dentro das Regras de Xogo Limpo. A entrada ten por obxectivo a bola, non a xogadora rival. O que fai a entrada pode empregar o seu corpo para enfrontarse ao rival pero, realizar deliberadamente unha puñada, labazada, agarrón, empuxón, cambadela, tirón de camisola ou carga frontal está prohibido. O único contacto deliberado permitido é a carga sempre e cando sexa realizada de xeito legal, cun pé no chan e ombreiro contra ombreiro nunha das situacións reguladas.

18. LANZAMENTO (THROW)

Cando a bola é xogada sen ser golpeada.

19. LANZAMENTO NEUTRAL (THROW-IN)

Lanzar a bola sobre a cabeza de un xogadora de cada equipo . Para o comezo dos encontros e dos descansos será entre dúas xogadoras por equipo.

20.SOLO (TOE-TAP)

Deixar caer o balón das mans aos pés para pateala de novo para as mans.

21. DISPUTA (WREST)

Intento de desposuír da bola a un oponente que a ten agarrada nas mans, agarrando a bola e tirando dela para sacarlle. É ilegal.

As normas recollidas na Sección Primeira son unha tradución da “GAA Official Guide 2017. Part 2” na súa última actualización do mes de maio de 2017. Non se inclúen as normas xerais sobre os campos e organización recollidas na “GAA Official Guide 2017. Part 1” por non se axustar a realidade da Liga Gallaecia e, polo tan-o, non ser de aplicación.

A Sección Segunda recolle os acordos propios en materia de organización dos encontros da Liga Gallaecia. Exclúense todos os acordos da Liga Gallaecia en materia organizativa que non teñen relación directa co desenvolvemento dos encontros. Estes acordos están recollidos noutros documentos oficiais da Liga Gallaecia.



LIGA GALLAECIA
FÚTEBOL GAÉLICO